



ADMISIÓN DO ALUMNADO CURSO 2020-2021

1. NORMATIVA REGULADORA DE ADMISIÓN

- Decreto 254/2012, do 13 de decembro (DOG 26/12/2012)
- **Orde do 12 de marzo de 2013** (DOG 15/03/2013).
- Decreto 229/2011 do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes de Galicia (art. 15 e seguintes).
- **Orde do 25 de xaneiro de 2017** pola que se modifica a orde do 12 de marzo de 2013.

2. OFERTA DE POSTOS ESCOLARES DISPONIBLES

EDUCACIÓN INFANTIL	VACANTES
4º Educación Infantil (3 anos)	22 + 3 (reserva alumnado co NEE)
5º Educación Infantil (4 anos)	11
6º Educación Infantil (5 anos)	16
EDUCACIÓN PRIMARIA	
1º Educación primaria	6 + 3 (reserva alumnado con NEE)
2º Educación primaria	0
3º Educación primaria	3
4º Educación primaria	8
5º Educación primaria	3
6º educación primaria	0

3. ÁREA DE INFLUENCIA E IES DE ADSCRICIÓN AO CENTRO

Aos efectos de continuidade dos estudos de educación primaria, o alumnado de educación infantil procedente da **EEI O CON** están adscritos ao **CEIP PLURILINGÜE DE TIRÁN** e máis ao **CEIP DE QUINTELA**. A **área de influencia** do CEIP PLURILINGÜE DE TIRÁN con obxecto de aplicar a puntuación por proximidade de domicilio ou proximidade de traballo, son as seguintes rúas e lugares: **Vilela, Camping Tirán, Albariños, O**



Igrexario, Fontes, A Pandiña, Casal de arriba, Camiño de Tirán, Daniel Castelao e próximas, José Costa Alonso, O Con, Club de Remo, Fragata

Aos efectos de continuidade dos estudos da ESO (educación secundaria obrigatoria) o CEIP Plurilingüe de Tirán está adscrito ao **IES Plurilingüe Paralaia**.

4. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A solicitude de admisión deberán cubrila na aplicación **Admisiónalumnado**, na páxina web da Xunta de Galicia ou na sede electrónica co procedemento **ED550B**, tamén poderán recollerse na secretaría do centro.

- **Do 1 ao 23 de marzo do 2020.** Deberá entregarse no centro en horario de secretaría, debendo traer **orixinal e fotocopia do libro de familia** onde estea inscrito dita alumna ou alumno.
- **Do 24 de marzo ao 3 de abril do 2018.** Neste prazo entregarase a documentación xustificativa dos méritos alegados para a aplicación dos criterios de admisión do alumnado no caso de que a demanda de prazas fose superior á ofertada polo centro. A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación terá carácter voluntario e están recollidos nos artigos desde o 20 ata o 28 da Orde do 12 de marzo de 2013.

A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.

5. PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DO ALUMNADO ADMITIDO.

- **22 de marzo:** publicación da listaxe do alumnado admitido e que non se teñan que baremar.
- **24 de abril:** publicación da resolución provisional da baremación do alumnado admitido e non admitido. A listaxe ou listaxes que se publiquen terán carácter provisional e poderán ser obxecto de reclamación ante o Consello Escolar do centro no prazo de cinco días hábiles (art. 30).
- **10 de maio:** publicación da listaxe definitiva do alumnado admitido e excluído. Contra esta relación definitiva os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da xefatura territorial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (art. 32).



6. PLAZO DE FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA

► **Do 20 ao 30 de xuño.** O alumnado admitido no centro formalizará a súa inscrición na Secretaría. Se finalizado o prazo de matrícula non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza obtida (art. 40).

7. OBSERVACIÓNS IMPORTANTES

- Cada solicitante deberá presentar **unha única solicitude** que deberá cubrirse **na aplicación admisionalumnado** da páxina web da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, tamén poderá buscarse na <https://sede.xunta.gal> procedemento **ED550B** relacionando nela por orde de preferencia ata seis centros nos que solicita praza.
- Esta instancia será **entregada no centro que se solicita no primeiro lugar**. A solicitude deberá estar asinada por calquera dos titulares da patria potestade ou representantes legais.
- **No caso de separación ou divorcio** será necesaria a sinatura de ambos proxenitores, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos casos será necesario **presentar xunto coa solicitude de admisión a resolución xudicial correspondente**. (art. 14).
- No caso de que o solicitante presente máis dunha solicitude para unha mesma ensinanza en diferentes centros, perderá os dereitos de prioridade que poidan corresponderlle (art. 34. b)
- O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo (art. 9).
- As solicitudes presentadas fóra de prazo, as referidas a unha mesma persoa (no caso de presentación de máis de unha), as presentadas estando vinculado por reserva, as que teñan datos que non se axusten ás circunstancias reais do alumno/a e as que estean acompañadas por documentación que reflicta “datos que non se axusten ás circunstancias reais”, enviaranse de xeito inmediato á Xefatura Territorial. (art. 34).

A DIRECCIÓN